

**Os homes
non pegan**

Tradución: EDLG CEIP Plurilingüe Irmáns Villar (Curso 2021/22)

Xabier apaga a luz. Ao seu carón nota a respiración de Álex, que xa se durmiu. El, sen embargo, non pode deixar de pensar en todo o que lle aconteceu, oe a voz de seu pai como se aínda estivera presente. Unha e outra vez repítelle; “Os homes non pegan, Xabier, os homes non pegan”. Mira ao seu amigo que, aínda en sonos, semella que chora, e sen querer, pouco a pouco empeza a recordar.

Todo comezou hai uns meses cando Álex e seus pais se trasladaron ao bloque de pisos de Xabier. Ían ao mesmo colexio e á mesma clase, moi pronto se fixeron amigos e empezaron a compartir charlas, xogos e confidencias. Álex era xenial, divertido e, sobre todo, moi bo.

Os novos veciños suscitaron algúns comentarios entre Xabier e seus pais. Súa nai mencionou o tímida e calada que parecía a muller, que se limitaba a saudar ás veciñas, sen máis, e sempre que o facía baixaba a cabeza, como se temera que lle viran a cara. O pai de Xabier, pola contra, dixo, ríndose, que el sempre vía ao veciño rodeado de xente no bar ou no parque, xogando cun grupo de homes á petanca.

Un domingo que Xabier paseaba polo barrio con seus pais, o pai de Álex achegóuselles. Rapidamente saludounos, presentouse como Pedro e insitiu en invitalos a un aperitivo. Ao preguntarlle pola súa muller, limitouse a contestar:

- Esa, na casa. Mellor que non saia.

Pouco despois engadiu que a Elena, así se chamaba a nai de Álex, non lle gustaba a rúa.

Aos pais de Xabier non lles agradou a resposta nin o ton despectivo co que a pronunciou e amablemente declinaron a invitación.

A Xabier cada día caíalle mellor Álex. En moitas ocasións facían os deberes xuntos na casa de Xabier e pasaban moi bos momentos xogando á PlayStation ou vendo DVD que logo comentaban cos demais rapaces. O único que a Xabier lle estranaba é que Álex nunca invitaba a ninguén á súa casa nin a el nin a ningún outro rapaz.

Desde había algún tempo Xabier empezara a notar cousas moi raras no seu amigo. Álex falaba moi pouco, estaba como asustado, ás veces mesmo parecía medio tonto, porque tiña cardenais nos brazos e as pernas e sempre dicía que non recordaba como os fixera.

Unha tarde que quedaran para xogar xuntos Álex retrasouse e Xabier foi buscalo á súa casa. Levou unha desagradable sorpresa cando ao abri-la Álex a porta lle viu un moratón moi recente na cara e os ollos chorosos. Preguntoulle que lle pasara e o seu amigo, moi nervioso, contestou: “Nada, ímonos anda”. A Xabier pareceulle a marca dunha bofetada pero non insistiu máis. Ao fondo do corredor, sentada nun sillón, Elena choraba e apretábase o nariz cun pano ensanguentado. Foi tal a angustia que notou na cara de Álex que Xabier nin sequera contou nada a seus pais. Procurou distraer ao seu amigo e divertirse con el.

Esquecéraselle este incidente, cando un sábado que Xabier estaba na casa con seus pais se oíron uns golpes tremendos no piso de Álex. Ao principio pensou que estarían trasladando mobles e algo pesado caíra ao chan, pero de súpeto os berros de Pedro resoaron por toda a casa. Pouco despois un portazo acabou cos ruídos. Xabier asomouse á ventá e viu como o pai do seu amigo se alonxaba.

Algúns veciños saíron ao relanzo para averiguar a causa do escándalo. Os pais de Xabier miráronse moi preocupados e sen máis preguntáronlle se notara algo estrano no seu amigo. Xabier, Un pouco asustado, faloulles do que vira aquela tarde. Ao rematar, seu pai, moi serio, volveuse hacia súa nai e simplemente dixo: “Non me gusta este home. Non me gusta nada”.

Unha tarde Xabier e os seus amigos comezaron a falar sobre os problemas que tiñan na casa e entre risas comentaron as cousas que dicían seus pais. Álex permanecía en silencio, mirando a uns e a outros, ata que Xurxo, que se atrevía a todo, lle preguntou directamente:

- E na túa casa, Álex, quen manda máis, teu pai ou túa nai? Con quen te levas mellor?

Tras un breve silencio os rapaces continuaron falando e rindo, pero Xabier observou que Álex se poñía moi colorado e parecía incómodo.

Xabier volveu sacar o tema. Dixo que el non sabería dicir quen mandaba máis na súa casa, pois tanto seu pai como súa nai se comportaban igual e el non notaba que un quixera ser máis que outro.

- Igualdade, iso di meu pai. Igualdade entre o home e a muller.
- Pois iso está mal, un home ten que levar os pantalóns. Meu pai di que se non os mantés ben postos non eres home nin nada, contestou Álex mirándolle fixamente aos ollos.

Xabier non replicou, pero a verdade é que non acabou de entender a Álex. Aquela noite, cando ceaban, contou a seus pais o que acontecera e depois preguntoulles que quería dicir Álex con aquilo. A frase facíalle gracia, porque os homes sempre levaban pantalóns, pero as mulleres tamén adoitaban facelo. Seus pais riron ao ouvir as súas palabras, pero despois calaron e mirárono con atención.

Aínda que pasara o tempo Xabier recordaba como seu pai lle sorriu e tranquilamente lle dixo:

- Mira, Xabier, na nosa sociedade edúcasenos moi mal aos homes. Fannos crer que somos superiores ás mulleres só polo feito de nacer homes, entendes? E iso non é así, iso é mentira. Asemade engánasenos dicíndonos que somos máis fortes ca elas, máis listos, mellores en todo. Tamén se nos di que seremos menos homes, máis débiles, se somos afectuosos coa nosa parella, se lle comentamos os nosos problemas ou lle pedimos a súa opinión e a súa axuda, e se despois de falar con ela cambiamos as nosas decisións.**

- Pero é que iso dos pantalóns ben postos non o entendo – dixo de novo Xabier.
- Iso – interviú súa nai – é una forma de aludir aos testículos dos homes, xa sabes... (Xabier riuse polo baixiño porque nin el nin os seus amigos os chamaban así; a súa nai sempre lle molestaba o que ela chamaba “palabras malsoantes”). En realidade é un modo de indicar que os homes deben mandar sobre as mulleres se queren demostrar que son moi homes, moi machos, vamos...
- É un pouco tonto, Xabier – precisou seu pai -, porque unha parte do corpo non te fai home, tampouco berrar, nin dar puñetazos, nin dicir tacos, nin pegar. Os homes, os de verdade, non pegan – díxolle seu pai moi serio - . Só pegan os covardes que se aproveitan da súa forza ou incluso do cariño que lles teñen. Recórdao sempre, Xabier, os homes non pegan.

- Pero – insistiu Xabier – o pai de Álex di que un home, vamos, que o que debe facer un home...
- Non puido rematar de falar. Seu pai mirouno sorrindo antes de dicirlle:
- O pai de Álex, Xabier, non sabe o que di. Moito me temo que nin sequera é unha boa persoa. E se non é una boa persoa, moito menos poderá ser, non xa un bo home, senón simplemente un home. Entendes, fillo? Aínda que teña... xa sabes. Ambos miraron a cara de reproche que tiña a nai e os tres botaron a rir.

Xabier entendeu só a medias, pero non quixo seguir preguntando. Como tampouco o fixo aquel mediodía que súa nai comentou que parecía que Elena tivera un accidente, pois estaba moi magullada e tiña un ollo morado.

- Mágoa – engadiu- que non teña aquí familia nen ninguén que lle bote una man.

O pai de Xabier non dixo nada e seguiu comendo, aínda que de cando en vez movía a cabeza en sinal de preocupación.

As cousas seguiron igual para os dous amigos ata que unha tarde Xabier lle dixo a Álex que lle gustaría coñecer a súa habitación e ver os seus libros e os seus xoguetes. Álex mirouno amodo, e aínda que tardou moito en contestarlle, finalmente díxolle que preguntaría a seus pais se podía invitalo á súa casa. Tres días despois, Álex, moi contento, díxolle que súa nai os esperaba a merendar aos dous, e comentou, como de pasada, que precisamente seu pai estaba de viaxe.

A merenda foi excelente e a Xabier pareceulle moi simpática a nai de Álex. Elena propúxolles xogos e adiviñas, contoulles historias e comentoulles libros con tanta gracia que os tres riron como bos amigos.

De súpeto, oíuse un ruído da chave na pechadura. Á nai de Álex borróuselle o sorriso e empezáronlle a tremer as mans como se estivese enferma. Levantouse de golpe e, como atontada, comezou a moverse dun lado para outro. Álex foi onde ela, acaricioulle a man suavemente e ambos se quedaron moi quedos cando o pai entrou na sala. Pedro mirou aos tres e dirixíndose á súa muller ordenoulle: “Prepárame a cea”, despois achegouse a Álex e removeulle o pelo. A Xabier resultoulle curioso comprobar que o seu amigo se estremecía coa caricia de seu pai, como se fose un canciño falto de agarimo. Pero os seus ollos estaban húmidos; a Xabier parecéronlle asustados.

Co paso do tempo as cousas empeoraron. Da casa de Álex saían golpes, berros, cada vez máis a miúdo, ata que un día os veciños, alarmados, reuníronse no portal para ver que podían facer. Ese día Xabier enterouse do que sucedía: o pai de Álex era un tipo violento que pegaba á súa muller. Entón comprendeu que tamén maltrataba ao seu amigo: esa era a causa dos moratóns de Álex, do medo nos seus ollos e do tremor do seu corpo.

Cando volveron á súa casa Xabier falou con seus pais, contoulles o que vira aquela tarde. Entón eles faláronlle con máis claridade.

- Hai covardes que pegan a súa muller e seus fillos para esquecerse dos seus problemas e creerse máis homes – dixo seu pai. O que eles non saben, Xabier, é que con cada golpe demostran a súa debilidade e a súa covardía, porque debes saber que só pegan a quenes cren máis débiles ca eles.**
- Son como as bestas, Xabier - engadiu súa nai - , porque non razoan, porque non pensan, porque non queren a ninguén. Só desexan controlar a vida dos demais para crer que así controlan a súa e para iso utilizan a violencia: os berros, os insultos, os golpes, os puñetazos, as patadas e incluso as armas. Como di teu pai, os homes, os de verdade, non pegan; só o fan os covardes.**
- Pero non o entendo, mamá. Por que Elena segue vivindo con ese salvaxe? Gústalle que lle peguen? Por que non se separa del como fan outras persoas? E que non quere a Álex?**
- Ninguén quere ser insultado e agredido, fillo, respostou súa nai—Elena segue con el porque está soa e non sabe que facer, nin onde ir; porque ten medo polo seu fillo, a quen ademais quere máis que a ela mesma; porque lle da vergoña recoñecer ante seus pais que o home a quen elixiu como compañeiro é una persoa violenta que a maltrata; porque nin sequera sabe se eles a entenderían...Enfín, hai moitas razón e moi complicadas. Ás veces a vida, Xabier, é**

moi difícil para as mulleres. E máis se están soas e teñen fillos aos que sacar adiante.

Mentres recordaba todo isto, Xabier volveuse hacia a cama de Álex, que agora durmía tranquilo, e pensou no horror que vivira o seu amigo esa mesma mañá. Volvían do parque cando na entrada da casa viron unha ambulancia, un coche de policía e un montón de xente que miraba hacia o portal. Naquel momento Pedro saía escoltado por dous axentes e instantes despois unha padiola levaba a Elena. Álex, branco de angustia, correu hacia súa nai, quen magullada, chorosa e cun ollo morado sorriulle antes de susurrarlle:

- Álex, cariño, agora todo se vai arranxar, prométocho.

Non puido abrázalo; seu marido tamén lle romperá un brazo.

O sono vencíao mentras recordaba esta escena. Pero antes de que quedase durmido Xabier pensou en Elena e en Pedro, e no seu amigo Álex, que ao parecer agora marcharía con súa nai a vivir á cidade de seus avós. Tamén pensou en seus pais e en el mesmo. El quería ser un home, pero un home de verdade. Os ollos pecháronselle mentras lle parecía ouvir a voz de seu pai: “Xabier, os homes non pegan”